



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION Expte: 5914- 224

Informe xuridico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 15/10/2021 [REDACTED] presenta solicitude de acceso á información pública interesando a obtención de copia del documentos que obren no concello acreditativos da propiedade municipal, ou no seu caso, serviran de título para a inclusión no inventario de bens municipal ao que se alude no informe notificado respecto de los tramos sinalados como [REDACTED]. Igualmente y dado que los planos topográficos [REDACTED] se le han remitido recortados y en formato DIN A-4 lo que no permite su correcta visualización, solicita se le remitan dichos planos en debida forma.

En data 11.11.2021 e posterior data 17.11.2021 emíte informe do Servizo de Patrimonio.

LEXISLACION APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxilme xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTAIBG)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD)
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RGPD)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *“Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/11/2021 15:16	Páxina 1 de 4
	CSV: [REDACTED]		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso a la información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones." É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información".

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo elaborouna ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que "ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad" (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- O informe do 17.11.2021 o Xefe do Servizo de Patrimonio emite informe no que fai constar << **Primeiro.-** No vixente Inventario municipal de Bens e Dereitos constan de alta ,como vías públicas no seu Ep. I VIALES, os ramais 1, 3 e 5 da Rúa [redacted] coas seguintes características:

C. RUEIRO	DENOMINACIÓN	ORIXE	FINAL	LONXITUDE
[redacted]	[redacted]	[redacted]	[redacted]	60.00
[redacted]	[redacted]	[redacted]	[redacted]	45.00
[redacted]	[redacted]	[redacted]	[redacted]	40.00

Segundo.- Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL). No mesmo senso o art. 339 e 344 do CC define como bens de dominio público os destinados ó uso público como os camiños veciñais, as prazas, rúas, fontes e demais obras públicas de servizo xeral, costeadas polos mesmos pobos.

A inclusión de ditas vías, xunto co resto das de titularidade municipal, produciuse na rectificación e actualización do Inventario Municipal acordada polo Pleno Municipal na súa sesión do 4 de maio de 1993, trala súa aprobación inicial o 19/12/1992, e

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 22/11/2021 09:00:40 - Concellera Contratación Patrimonio E Xestión Municipal (Paucina Rodríguez Calvino) 22/11/2021 11:29:31 - Secretaria De Admon. Municipal

Documento asinado

unha vez sometido ao trámite de información pública no que non consta se tivese formulado reclamación algunha á inclusión inventarial acordada.

En canto a documentación acreditativa da propiedade de ditos ramais da rúa [REDACTED] non atopouse referencia á mesma no Inventario de vias.

Achégase copia do acordo do Pleno municipal de data 4 de maio de 1993 e novamente as follas cartográficas [REDACTED] do Inventario Municipal. >>

E por isto que procede facilitar á interesada copia do acordo do Pleno municipal de data 4 de maio de 1993 e novamente as follas cartográficas [REDACTED] do Inventario Municipal.

O artigo 18.1.a) da LTAIBG << Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes:

a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación general.>>

Neste senso o Consello de Transparencia e Bo Goberno estima que esta causa de inadmisión concorre nos supostos en que no se pode proporcionar a información porque materialmente non se ten (resolucións 11/2015, de 25 de maio, 403/2015 de 21 de xaneiro entre outras.) polo que procede inadmitir a solicitude de copia de documentación acreditativa da propiedade municipal en tanto que non se atopou referencia no inventario de vias.

A resolución da solicitude corresponde á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019

Polo exposto fórmase a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a solicitude formulada por [REDACTED] e facilitar á interesada copia do acordo do Pleno municipal de data 4 de maio de 1993 e follas cartográficas [REDACTED] do Inventario Municipal (trámite 11, 12 e 13).

SEGUNDO.- inadmitir a solicitude de copia de documentación acreditativa da propiedade municipal en tanto que non se atopou referencia no inventario de vias.

TERCEIRO.- Notificar á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa ante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. En

ASINADO POR: Secretaria De Admón. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 22/11/2021 09:00:40 - Concelleira Contatación Patrimonio E Xestión Municipal (Patricia Rodríguez Calviño) 22/11/2021 11:25:34 - Secretarias De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 22/11/2021 14:47:00

caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña



DECRETO: Vista a precedente proposta, RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Documento asinado

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/11/2021 15:16	Páxina 4 de 4
	CSV: 		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			